

Suxestión á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre as certificacións das actividades de formación permanente do profesorado reguladas pola Orde de 14 de maio de 2013

Expediente: A.10.Q/98/23

Santiago de Compostela, 10 maio de 2023

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención: XXX .

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón que:

- A normativa dos cursos impartidos pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, establece que “no caso de certificación de participación en actividades nas que se establece a avaliación das persoas asistentes, farase constar a superación da mesma. Esta circunstancia de avaliación deberá ser autorizada expresamente pola dirección xeral e explicitarase na correspondente convocatoria da actividade”.
- Na certificación que achega, Aproveitamento Didáctico Avanzado de Moodle, en parte algunha do mesmo se di expresamente que superou a avaliación da mesma, dos contidos avaliados, senón que participou como asistente. Do texto, considerase que non se pode extraer que superou ou acadou a cualificación mínima para obter a Certificación. Considera que parece que se trata dun erro formal pero podería ser causa de invalidez de tales Certificados.
- Indica que informou de tal erro ao Órgano emisor dous Certificados, sen obter resposta.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu co seguinte contido:

A formación permanente do profesorado ven regulada na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG núm. 96, do 22 de maio).

Así, no artigo 23 establece, con respecto á avaliación das persoas participantes nas actividades de formación, que:

"1. A avaliación das persoas participantes nas actividades será competencia directa do coordinador/coordinadores ou, se é o caso, da comisión de avaliación designada para o efecto, aos cales lles corresponderá analizar a participación dos asistentes. Terán en conta tanto a participación nas fases presenciais como a execución das distintas propostas de traballo programadas para as fases non presenciais.

5. Nas actividades de formación en rede será indispensable para obter a certificación a avaliación positiva do 80 % das tarefas propostas, así como a asistencia á totalidade das sesións presenciais, no caso de que as houbese.

6. Ao finalizar a actividade, e de acordo cos criterios establecidos neste número, o coordinador ou, se é o caso, a Comisión de Avaliación determinarán os asistentes que superaron ou non a actividade, especificando, en caso de avaliación negativa, os motivos e deixando constancia nos documentos correspondentes".

En canto á certificación destas actividades, o Capítulo VI (Certificados acreditativos da participación en actividades de formación) establece as condicións e o procedemento de obtención destes certificados. Así, o artigo 24.4 (Condicións para a certificación da asistencia en actividades de formación) establece que:

"4. A certificación de participación en actividades recollerá o número de rexistro asignado a ela e o número de horas de duración da actividade ou, de ser o caso, o recoñecemento e a valoración en horas do traballo realizado".

No caso presentado polo reclamante, a guía do curso Aproveitamento didáctico avanzado de Moodle indica, con respecto á avaliación do mesmo indicaba que "Nas actividades de formación en rede será indispensable para obter a certificación a avaliación positiva do 80 % das tarefas propostas, así como a asistencia á totalidade das sesións presenciais, no caso de que as houbese" e establecía a táboa coas ponderacións de cada unha das tarefas no total. do curso e as escalas e instrumentos de avaliación que serían empregados para a superación deste e o dereito a obter a certificación.

Logo de todo o exposto e en base ao establecido na Orde do 14 de maio de 2013 queda evidenciado que as certificacións das actividades de formación permanente do profesorado só se expiden nos casos de superación da actividade e a certificación emitida a XXX cumpre estritamente todo o indicado na mencionada orde sobre a emisión de certificados.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia sinala que, entre outros obxectivos, na mesma: *“(..) ademais de contemplar determinadas equiparacións de actividades formativas, establécese un recoñecemento expreso, en termos de equivalencias, para o profesorado que realiza actividades que requiren dunha especial dedicación (..)”*. E sinala como obxecto principal de dita Orde: *“(..) regular a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado (..)”*.

No que atinxe ao recoñecemento, o artigo 24 dispón as condicións para a certificación das actividades formativas sinalando, entre outros:

“(..) 4. A certificación de participación en actividades recollerá o número de rexistro asignado á mesma e o número de horas de duración da actividade ou, no seu caso, o recoñecemento e valoración en horas de traballo realizado.

5. No caso de certificación de participación en actividades nas que se establece a avaliación das persoas asistentes, farase constar a superación da mesma. Esta circunstancia de avaliación deberá ser autorizada expresamente pola dirección xeral e explicitarase na correspondente convocatoria da actividade.(..)”

SEGUNDA. O interesado participou nun curso denominado *“Aproveitamento didáctico avanzado de moodle”* de trinta horas de duración. Achega certificación expedida pola Consellería na que se sinala expresamente que *“participou como asistente (30 h) dun total de 30 horas (..)”*. O interesado presenta queixa porque na certificación non se di expresamente que superou os contidos avaliados; pola súa banda a administración indica que a certificación reflicte todos os extremos regulados na Orde do 14 de maio de 2013 e que a propia guía do curso indicábase que para obter a certificación tiña que ter unha avaliación positiva cando menos do 80% dos contidos. Segundo se indica no artigo 10 de dita Orde, a Guía informativa dos cursos en rede atópase na aula virtual.

O interesado achegou documentación relacionada cos distintos módulos do curso na que se vai reflectindo a superación das tarefas indicadas polo profesorado así como a avaliación e superación das mesmas. Finalmente, no Módulo denominado *“Proxecto final”* reflíctese o

seguinte comentario do profesor: “(..) xa acadaches puntuación suficiente para certificar o curso. Noraboa(..)”.

Segundo se dispón no artigo 4.2 da Orde de 14 de maio de 2013, “As actividades de formación permanente valoraranse en cantas convocatorias, concursos ou actos administrativos contémpenas como requisitos ou méritos nas súas bases”, xa que logo, ademais do seu valor como actualización de coñecementos e mellora profesional, estes cursos serven tamén como acreditación de mérito profesional/formativo que podería ser precisado polo interesado nunha convocatoria desta administración ou doutra.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **suxestión**:

Incluír, nas certificacións das actividades de formación permanente do profesorado reguladas pola Orde de 14 de maio de 2013, o recoñecemento expreso de ter superado a avaliación dos contidos sempre que se tivera producido dita avaliación, como é o caso do curso que nos ocupa.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.



Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo